

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE OUTUBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba a comisión interdepartamental para o impulso e coordinación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Marín dun treito de 106 metros lineais da estrada EP-1201 Marín-Penizas (rúa Alcalde José del Río, treito situado entre a rúa da Ponte e a rúa Ponte Zapal).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Moraña do Dominio Público dun treito da estrada PO-226 marxe dereita, agás calzada e beiravías.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, o que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.
- Acordo de autorización para a sinatura de 10 acordos de financiamento do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural que se asinará no seo da Comisión bilateral de seguimento do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de aluminios Cortizo para a ampliación e mellora das súas instalacións sitas en Estramundi (Padrón) e se declara a utilidade pública das obras e

instalacións proxectadas para os efectos expropiatorios, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan galego de formación 2019-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o balance do turismo en Galicia. Verán 2019.

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA 2050 QUE SITÚA GALICIA Á VANGARDA DO PAÍS NA LOITA CONTRA ESTE FENÓMENO

- ***O Consello deulle o visto e praxe esta mañá ao documento e tamén ratificou o decreto polo que se crea a Comisión interdepartamental que se encargará de levar a cabo o impulso e a coordinación da EGCEE 2050***
- ***Con este instrumento, de carácter transversal e froito dun proceso participativo aberto aos principais axentes afectados do sector público e privado, a Comunidade convértese nunha das máis proactivas e avanzadas do país á hora de dotarse da súa propia folla de ruta fronte ao quecemento do planeta***
- ***O Goberno galego aspira a que Galicia sexa un referente no proceso de cambio cara a un novo modelo de consumo e utilización dos recursos naturais que lle permita acadar o antes posible o obxectivo da neutralidade climática***
- ***A estratexia desenvolverase a través de plans rexionais integrados plurianuais, o primeiro dos cales xa está aprobado e inclúe 170 medidas coas cales se mobilizarán máis de 1.250 millóns de euros no período 2019-2023***
- ***Entre as propostas de actuación máis salientables da EGCEE 2050 cómpre subliñar as axudas ao sector residencial para mellorar a súa eficiencia enerxética e particularmente, a das vivendas protexidas, a progresiva redución das emisións da frota de vehículos da Xunta, a redacción de plans de adaptación ao cambio climático en cada porto de titularidade autonómica e dun xenérico que abranga toda a franxa litoral, ou o fomento do uso colectivo de instalacións e maquinaria agrícola para lograr un sector primario hipocarbónico***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 (EGCCE), unha ambiciosa folla de ruta que, no seu primeiro plan plurianual de desenvolvemento, identifica un total de 170 medidas cun investimento asociado de máis de 1.250 millóns de euros e coas que o Goberno autonómico aspira a converter a Comunidade nun referente no proceso de cambio cara a un novo modelo de consumo e nunha parte importante da solución ao problema do quecemento global.

Coa aprobación definitiva deste documento, do que xa fora informado o Consello no mes de xaneiro, Galicia sitúase nunha posición de vangarda ao converterse nunha das primeiras rexións españolas en asumir un papel proactivo e aprobar a súa propia guía de actuación en materia de cambio climático. De feito, só Cantabria, Navarra e País Vasco teñen aprobados documentos estratéxicos coa mesma finalidade que a EGCCE 2050.

Con carácter xeral, un dos eixes da Estratexia galega é a posta en valor do sector primario e do noso medio natural como piares fundamentais da solución ao cambio climático. Así, fai fincapé na capacidade do sector forestal para acadar o obxectivo da neutralidade climática – é dicir, compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que non poden ser eliminadas coas absorcións que realiza o propio contorno- e na resiliencia do medio rural e do sector primario fronte ao cambio climático.

Ademais, avoga por un modelo enerxético baseado en enerxías limpas e na mellora da eficiencia en todos os sectores co fin de reducir as emisións e garantir á vez un abastecemento de enerxía seguro, sustentable e competitivo.

A EGCCE 2050 tamén fai unha aposta decidida pola investigación e a innovación, co fin de converter Galicia nunha rexión exportadora de coñecemento, e será o documento marco que lle permitirá á Xunta captar fondos para desenvolver actuacións fronte ao cambio climático e xerar novas oportunidades empresariais e, polo tanto, de emprego.

Estrutura e ámbitos de actuación

A Estratexia estrutúrase arredor de catro ámbitos de actuación: mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro; adaptación aos seus impactos; investigación e innovación; e dimensión social, gobernanza e sensibilización. Os dous primeiros veñen establecidos pola propia axenda internacional e permiten afrontar o problema desde a perspectiva das súas causas e as súas consecuencias, mentres que os outros dous ámbitos foron incorporados por decisión expresa da Xunta, ao consideralos de vital importancia tendo en conta a perspectiva social que ten este fenómeno.

Cada un dos catro ámbitos de actuación leva asociados unha serie de obxectivos que se plasman en medidas concretas, moitas delas de carácter transversal e previamente consensuadas cos distintos departamentos da Xunta implicados. Cómpre lembrar que estamos ante un documento multisectorial e resultado dun completo proceso participativo, que se canalizou a través das seis mesas de traballo constituídas no ano 2018 con presenza de representantes dos sectores afectados e da propia Administración.

Todas as propostas que xurdiron durante esta fase previa foron trasladadas ás respectivas consellerías para a súa análise e valoración, iniciándose así un proceso de traballo interno para poder traducilas en medidas e orzamentos concretos. Finalizada esta fase e superado tamén nos últimos meses o proceso de participación o que se someteu o documento inicial da EGCCE 2050, todo este traballo acabou concretándose na aprobación do chamado Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023, que identifica un total de 170 medidas coas cales se mobilizarán, durante o seu período de vixencia, máis de 1.250 millóns de euros.

Medidas que cómpre salientar

Entre as medidas incorporadas neste primeiro plan integrado cómpre salientar algunhas que resaltan sobre todo pola súa importancia ou carácter innovador. En materia de mellora da eficiencia enerxética, prevense axudas ao sector residencial para actuacións destinadas a mellorar este capítulo e, especificamente, o IGVS habilitará un plan integrado de axudas para a rehabilitación da envolvente térmica das vivendas de protección oficial xa construídas.

Neste mesmo eixe outra das medidas a subliñar é a posta en marcha dun rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios por parte do Inega co fin de obter unha fotografía da situación actual dos inmobles en Galicia desde o punto de vista enerxético. Así mesmo, tamén se estudará o establecemento de incentivos fiscais para actuacións de

mellora relacionadas co aforro e a eficiencia enerxética (por exemplo, a instalación de caldeiras de fontes renovables).

Na mesma liña de optimización enerxética, e tendo en conta o enorme consumo que pola súa propia actividade vai asociado ás depuradoras de augas residuais, o plan 2019-2023 incorpora tamén un plan de mellora progresiva da eficiencia enerxética destas instalacións.

Ademais, co fin de camiñar cara a un modelo enerxético baixo en emisións, outra das medidas previstas é un programa de incentivos para a instalación de caldeiras de fontes renovables. Máis concretamente, apóstase polos chamados *district heating* e *district cooling*, é dicir, a fixación de sistemas de produción e distribución de enerxía, localizados en puntos estratéxicos, desde os cales se pode prestar este servizo de forma centralizada a un número importante de consumidores situados na mesma zona, tanto particulares como públicos ou privados. Trátase dun concepto innovador e que está a funcionar moi ben en Europa e noutros lugares do mundo como redes de frío e calor centralizadas e máis eficientes.

En materia de transporte, planificaranse accións de mellora nos accesos ás plataformas loxísticas de transporte das grandes zonas urbanas co fin de desconxestionar o tráfico e reducir as emisións derivadas do transporte ligado á actividade industrial e empresarial. De forma complementaria, a Consellería de Medio Ambiente elaborará un estudo de mellora do transporte na chamada *última milla*, que alude a ese tramo final que percorren os produtos para chegar ao punto de distribución directo ao consumidor.

Outro dos obxectivos do primeiro plan integrado de desenvolvemento da EGCC 2050 será implantar medidas tendentes a reducir as emisións de CO₂ dos novos vehículos da Xunta de Galicia a medida que o parque móbil se vaia renovando.

Por outra banda, no que respecta ás medidas que afectan o sector primario e co obxectivo de facelo máis eficiente e hipocarbónico, a Estratexia inclúe medidas innovadoras como o fomento da utilización de instalacións, equipamentos e tamén maquinaria agrícola en réxime asociativo. A idea de incentivar o aproveitamento colectivo deste tipo de elementos contribuirá a que o sector camiñe con paso firme cara a unha produción máis eficiente. Neste mesmo eixe, tamén se incentivarán os investimentos en xestión do gando co obxecto de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (por exemplo, coa compra de máquinas de muxir máis modernas e eficientes).

Por último, no ámbito da adaptación aos efectos do cambio climático, cómpre salientar de entre todas as medidas previstas dúas en particular. Por un lado, a elaboración de plans de adaptación ao cambio climático dos terreos marítimo-terrestres de competencia autonómica, concretamente un para cada porto galego e outro de carácter global, que abrangan toda a liña de costa e inclúa indicacións e medidas xenéricas comúns.

Por outro, adaptaranse de forma progresiva os actuais plans de prevención e actuación ante eventos e fenómenos climatolóxicos extremos co fin de reducir a vulnerabilidade da poboación ante eles.

Esta medida virá reforzada e acompañada dun aumento dos investimentos destinados a manter e modernizar os actuais sistemas de observación, as redes de monitorización e as bases de datos que utilizan e nas cales sustentan o seu traballo MeteoGalicia e outros departamentos que interveñen no eido da xestión de emerxencias.

Primeiro plan de desenvolvemento e comisión interdepartamental

As liñas de acción marcadas pola EGCCE 2050 poranse en marcha a través de diferentes plans de desenvolvemento plurianuais, o primeiro dos cales xa está aprobado e fixará os pasos que se van dar desde o Goberno galego durante os próximos cinco anos, e que servirán de base tamén para a redacción dos sucesivos plans integrados.

Debido ao carácter transversal das implicacións do cambio climático e á concorrencia de competencias á hora de planificar as medidas con que facerlle fronte, a aplicación e o desenvolvemento práctico deste plan recaerá sobre a Comisión Interdepartamental para o impulso e coordinación da Estratexia galega de cambio climático e Enerxía 2050.

Precisamente o Consello da Xunta aprobou hoxe tamén o decreto polo que se crea este órgano coordinador, no que todos os departamentos que integran o Goberno galego estarán representados ao máximo nivel a través de diversas vogalías. A presidencia da Comisión recaerá na Consellería de Medio Ambiente e a vicepresidencia, na persoa que teña atribuídas as competencias en materia de enerxía.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE MARÍN DA ESTRADA PROVINCIAL MARÍN - PENIZAS

- ***O Concello de Marín solicitara á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade dun treito de 106 metros da vía provincial, coincidente co primeiro tramo da rúa José del Río, entre as rúas da Ponte e Ponte Zapal***
- ***Unha vez que a Deputación demandou á Consellería de Infraestruturas a transferencia, o Departamento autonómico elévao ao Consello para tramitala***
- ***Co cambio de titularidade, o Concello será o responsable do mantemento da vía e poderá actuar sobre esta de modo acorde coas súas características***
- ***A transferencia formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Marín da estrada provincial Marín- Penizas.

O Concello de Marín solicitara á Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de titularidade dun treito de 106 metros estrada EP-1201, coincidente co primeiro treito da rúa José del Río, entre a rúa da Ponte e a rúa Ponte Zapal.

A transferencia foi demandada polo municipio tras a execución por parte da Deputación das obras de mellora da rúa Alcalde José del Río. Neste sentido, o Pleno da Corporación provincial acordou aprobar o citado cambio de titularidade.

Unha vez que a Deputación Provincial de Pontevedra solicitou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a autorización da transferencia, o Departamento autonómico elévaa ao Consello da Xunta para a súa tramitación.

Cómpre lembrar que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Coa transferencia, o Concello será o responsable da conservación e do mantemento da vía e poderá actuar sobre esta de modo acorde coas súas características, non serán xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

A transferencia desta vía formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no Diario Oficial de Galicia do Decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MORAÑA DO DOMINIO PÚBLICO DA SENDA EXECUTADA NA ESTRADA PO-226, ENTRE O SOUTO E SILVOSO

- ***A Consellería de Infraestruturas construíu un itinerario peonil nesta vía e o Concello de Moraña comprometeuse a asumir a titularidade do dominio público viario, salvo a calzada e as beiravías, no treito en que se acometeu a actuación***
- ***Esta colaboración permitiu executar a senda sen necesidade dun procedemento expropiatorio, de xeito que o itinerario se puidese construír parcialmente en dominio público e noutra parte en terreos cedidos por particulares***
- ***A transferencia formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia do dominio público da senda executada na estrada PO-226, entre O Souto e Silvoso, a prol do Concello de Moraña.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Moraña asinaron en 2018 un convenio para executar unha senda peonil na estrada PO-226. A Xunta financiou e acometeu a actuación e o municipio comprometeuse a asumir a titularidade do dominio público viario, salvo a calzada e as beiravías, no treito en que se construíría a senda.

Esta colaboración permitiu executar a senda sen necesidade de acudir a un procedemento expropiatorio, de xeito que o itinerario se puido construír parcialmente en dominio público e noutra parte en terreos cedidos por particulares e xestionados polo Concello.

Unha vez rematadas as obras, a Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe favorable sobre a transferencia e a Xunta formulou a proposta.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade do dominio público das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Coa transferencia, o Concello será o responsable das tarefas de conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta zona de modo acorde coas súas características, non serán xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.

A transferencia formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico.

A XUNTA APROBA UN LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA 2020 DE 10.160 MILLÓNS DE EUROS, UN 3,1% MÁIS QUE O DESTE EXERCICIO

- ***A capacidade máxima de gasto aumenta en 311 millóns respecto a 2019***
- ***É a primeira vez que o teito de gasto da Comunidade Autónoma supera a barreira dos 10.000 millóns de euros***
- ***A Xunta prevé que o PIB galego medre un 2% este ano e un 1,9% en 2020***
- ***En canto á taxa de paro, seguirá baixando ata o 11,4% en 2019 e ao 10,6% en 2020***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma para o exercicio 2020, que ascende a 10.160 millóns de euros, un 3,1% máis que o aprobado para o presente exercicio. Isto supón que a capacidade máxima de gasto aumenta en 311 millóns de euros respecto a 2019.

Un ano máis, a Xunta de Galicia cumpriu co establecido na Lei de disciplina orzamentaria de 2011 e aprobou o teito de gasto non financeiro, que agora será remitido ao Parlamento para o seu debate e posterior aprobación. Este límite establece o máximo gasto que se pode acadar no proxecto de Lei de orzamentos xerais de Galicia, que o Goberno galego tamén aprobará nos vindeiros días para remitilo á Cámara co obxectivo de iniciar a súa tramitación parlamentaria para que entre en vigor o vindeiro 1 de xaneiro.

O teito de gasto aprobado hoxe polo Consello da Xunta é prudente e rigoroso, e está conformado por 10.112 millóns de euros de recursos non financeiros –incluíndo os recursos do sistema de financiamento, os fondos finalistas e outros recursos non financeiros- e por 68 millóns de euros correspondentes ao 0,1% de necesidade de financiamento, e unha vez detraídos 21 millóns de axustes de contabilidade nacional.

Con esta evolución, a Comunidade Autónoma contará cunha capacidade máxima de gasto que supera en máis de 1.700 millóns de euros a de 2015, e será o segundo ano consecutivo en que o teito de gasto é aprobado sen recorrer practicamente ao endebedamento.

Na elaboración deste teito de gasto, o Goberno galego optou por unhas estimacións moi prudentes toda vez que o Goberno central non facilitou a contía dos recursos do sistema de financiamento correspondentes ao exercicio 2020, o que se suma ao feito de que o Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) leva máis dun ano sen reunirse. En todo caso, a Xunta prevé un incremento desta partida –que representa o 80% dos ingresos– na liña do crecemento nominal da economía.

Cadro macroeconómico

En canto á actualización do cadro macroeconómico aprobado en outubro de 2018, a Xunta prevé que o produto interior bruto (PIB) de Galicia medre un 2% este ano e un 1,9% en 2020, en liña co estimado para a economía española e por riba da previsión de crecemento da Unión Europea e das principais economías da Eurozona.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En canto á taxa de desemprego, as estimacións do Goberno galego prevén que o paro manteña a senda descendente dos últimos anos. Así, a taxa de paro baixará do 13,3% de 2018 ata o 11,4% previsto para este 2019, e en 2020 continuará descendendo e situarase no 10,6%.

En ambos os casos, con estas estimacións cumpríranse as previsións incluídas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que establecían un crecemento medio do PIB galego do 2,5% neste período e unha taxa de paro do 10% ao finalizar o ano 2020.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AXUDAS POR PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS E MELLORA DOS ESPAZOS PÚBLICOS EN DEZ ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

- ***O Goberno galego aprobou hoxe a sinatura de convenios de colaboración cos concellos de Vigo, Ribadavia, Chantada, Quiroga, Sober, Viveiro e Vilalba***
- ***Trátase de acordos de financiamento de ARI para aqueles concellos que non solicitaron os fondos no ano pasado ou que xa os tivesen comprometidos***

A Xunta de Galicia distribuirá un total de 2.882.218,19 euros entre sete concellos galegos para financiar actuacións de rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas, así como actuacións de urbanización e reurbanización no ámbito das áreas de Rehabilitación Integral (ARI).

Isto será posible despois de que o Consello da Xunta autorizase na súa reunión de hoxe a sinatura de acordos de financiamento entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos de Vigo, Ribadavia, Chantada, Quiroga, Sober, Viveiro e Vilalba. A repartición de fondos realízase entre os concellos que non solicitaron financiamento para as súa ARI na convocatoria de 2018 ou xa o tivesen comprometido.

As actuacións en áreas de rehabilitación integral teñen por obxecto o financiamento da realización das seguintes actuacións:

- Execución conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares. Inclúense ademais as actuacións previstas para os programas de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e de fomento da conservación, mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.
- Execución de obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos.
- A execución de obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción.
- O custo do realoxo temporal de ocupantes da súa vivenda habitual, froito das actuacións que se realizan.
- Os gastos de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión municipais.

Unha vez asinados os convenios cos correspondentes concellos, serán estes os encargados de realizar a convocatoria para que os propietarios de vivendas e edificios de vivendas interesados nelas poidan solicitalas.

REPARTICIÓN DE FONDOS ENTRE OS SETE CONCELLOS E ARI AS QUE CORRESPONDEN

CONCELLO	ARI	IMPORTE MINISTERIO	IMPORTE XUNTA	TOTAL €
Chantada	Casco Vello	246.022,85	34.950,63	280.973,48
Quiroga	Núcleo urbano	190.015,91	27.484,09	217.500,00
Sober	Concello de Sober	150.640,00	45.360,00	196.000,00
Vilalba	Casco vello e zona ampliada	464.838,63	45.306,81	510.145,44
Viveiro	Conxunto histórico	322.000,00	88.000,00	410.000
Ribadavia	Conxunto histórico	217.650,00	56.550,00	274.200
	San Cristovo	63.000,00	13.300,00	76.300
Vigo	Casco Vello	335.508,00	69.114,00	404.622
	Núcleo histórico de Bouzas	174.202,00	20.968,00	195.170
	Rúas Bueu-Moaña. Polígono de Coia	268.341,53	48.966,47	317.308
TOTAL		2.432.218,92	450.000,00	2.88.218,19

A AUTORIZACIÓN DA XUNTA A ALUMINIOS CORTIZO PARA QUE AMPLÍE AS SÚAS INSTALACIÓNS PERMITIRÁ Á EMPRESA CREAR 217 EMPREGOS

- ***Este grupo empresarial prevé investir 56,9M€ no polígono industrial situado entre Padrón e Rois, o que permitirá impulsar a actividade económica desta zona***
- ***As instalacións ampliaranse ata as 30,3 hectáreas para acoller novas edificacións e plantas produtivas de extrusión e obtención de perfís de aluminio, extrusión para obter perfil cru de PVC e unha terceira para a obtención de perfilería de aceiro***
- ***A Xunta amosa o seu compromiso co desenvolvemento da industria galega e, en particular, cun sector como o do aluminio, que xera preto de 3.800 empregos en Galicia e factura 4.000M€ ao ano***

O Consello da Xunta acordou a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de Aluminios Cortizo, o que permitirá a ampliación e mellora das instalacións que o grupo ten no polígono industrial situado entre Padrón e Rois, na provincia da Coruña. Deste xeito, a empresa prevé aumentar nun 78% a súa superficie e xerar un total de 217 novos postos de traballo, contribuíndo ao impulso da actividade industrial e económica da zona.

Aluminios Cortizo investirá un total de 56,9M€ nun proxecto de ampliación que lle permitirá pasar das 17 hectáreas actuais ás 30,3 para acometer tanto obras de urbanización como novas edificacións e instalacións produtivas. En concreto, implantará tres novas plantas para extrusión e obtención de perfís de aluminio, extrusión para obter perfil cru de PVC e outra para a obtención de perfilería de aceiro, co cal Cortizo suma un novo produto á súa carteira.

As novas instalacións, que contan cun prazo de execución de dous anos, permitirán acometer unha mellora substancial do proceso produtivo cun alto compoñente tecnolóxico, contribuíndo á sustentabilidade ambiental. Deste xeito, está facendo unha aposta decidida pola investigación e a modernización tecnolóxica, necesarias para que a empresa poida reforzar a súa competitividade nos mercados internacionais.

Cunha facturación o ano pasado de 636M€, da cal o 72% procede do exterior, presenza en 60 países e 3.205 empregados, o Grupo Cortizo posiciónase como un referente europeo do sector e como primeiro fabricante e distribuidor de sistemas de aluminio e PVC para arquitectura en España e Portugal.

Deste xeito, a Xunta amosa o seu apoio e compromiso co desenvolvemento industrial da Comunidade e, en concreto, cun sector como o do aluminio, que xera en Galicia preto de 3.800 postos de traballo e conta cunha facturación anual que supera os 4.000 millóns de euros.

O PLAN GALEGO DE FORMACIÓN 2019-2020 MELLORARÁ A CUALIFICACIÓN DE MÁIS DE 28.000 PERSOAS

- ***A Xunta vén de resolver a primeira das convocatorias, o plan formativo para persoas desempregadas, que ofrecerá máis de 800 cursos a 12.660 alumnos cun investimento de preto de 36M€***
- ***Os participantes, que accederán a un certificado de profesionalidade, poderán elixir entre accións formativas nas catro provincias galegas e nos principais sectores da economía, en que prima o naval e a automoción, as competencias clave e as vinculadas á dixitalización***
- ***O anterior Plan galego de formación (2018-2019) beneficiou 23.000 persoas a través dunha oferta de máis de 3.500 cursos***

A Xunta resolveu a primeira das convocatorias do Plan galego de formación 2019-2020 que este curso prevé chegar a máis de 28.000 galegos e galegas para mellorar a súa cualificación e impulsar a súa empregabilidade.

Trátase, en concreto, do plan formativo para desempregados e desempregadas, que poderán elixir a súa cualificación entre unha oferta de máis de 800 cursos, ao tempo que acceden a un certificado de profesionalidade. O Goberno autonómico, que financia o 100% das accións formativas, destina a esta iniciativa preto de 36M€ co obxectivo de seguir mellorando a empregabilidade e ocupabilidade dos cidadáns, así como facilitar o seu acceso ao mercado laboral a través dun capital humano máis formado e adaptado ás necesidades actuais do tecido industrial.

Empresas, entidades sen ánimo de lucro e concellos das catro provincias galegas ofertarán accións formativas nos principais sectores da economía, en que prima a formación no eido do naval, a automoción, a edificación e obra civil, así como competencias clave e dixitais.

Os alumnos e alumnas interesados en acceder a esta formación poderán contactar coa entidade ou o centro para realizar a súa preinscrición no curso da súa elección. Ademais, poderán acceder a un certificado de profesionalidade que lles abrirá novas oportunidades laborais. Así, nas últimas edicións alcanzouse un grao de inserción de preto do 60% e deles, 2 de cada 3, conseguírono nos seis primeiros meses tras a finalización do curso.

A formación para mellorar a empregabilidade dos galegos é un reto prioritario da Axenda 20 que se suma á adaptación dos perfís profesionais ás demandas actuais do tecido produtivo. Precisamente, ao longo do curso que acaba de rematar 2018/19, un total de 23.011 persoas participou nalguna acción do Plan galego de formación, que puxo en marcha un total de 3.541 cursos. Deste xeito, o obxectivo da Xunta é poder formar máis de 50.000 galegos e galegas entre 2018 e 2020.



O SECTOR HOTELEIRO ACADA NO VERÁN A MAIOR CIFRA DE INGRESOS DA SÚA HISTORIA AO CHEGAR AOS 98M€, UN 47% MÁIS QUE HAI SEIS ANOS

- ***Galicia recibiu máis de 1,5 millóns de turistas en xullo e agosto, un 4,3% máis que en 2018, e rexistrou case 4 millóns de pernoitas, a segunda mellor cifra da historia***
- ***A nosa foi a segunda Comunidade cun maior incremento da demanda turística, ao rexistrar unha alza do 5%, moi por enriba da media estatal, que se situou nun 1,3%***
- ***Indicadores de calidade como a rendibilidade dos establecementos hoteleiros, a ocupación ou a estadía media tamén creceron por riba da media***
- ***Creceu tanto o turismo nacional coma o internacional, un 5% e un 4,3%, respectivamente, e medraron todas as tipoloxías de aloxamento***
- ***Pontevedra liderou a demanda turística galega, con 1,4 millóns de pernoitas, mentres que Lugo foi a provincia cunha mellor evolución, dun 14,7%***

Santiago de Compostela, 3 outubro de 2019.- Galicia pechou o verán acadando a maior cifra de ingresos do sector hoteleiro da súa historia ao chegar aos 98 millóns de euros, un 5% máis que hai un ano e un 47% máis se o comparamos cos ingresos rexistrados por este tipo de establecementos hai seis anos. Así o reflicte o balance que esta mañá analizou o Consello da Xunta baseado nos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) referentes aos meses de xullo e agosto.

Segundo estas cifras, a nosa Comunidade rexistrou unha mellora por riba da media estatal de indicadores asociados á calidade como a rendibilidade dos establecementos hoteleiros (+4,3% fronte ao 3,3% estatal), a ocupación (+2,46% fronte ao 0,39% no resto de España) ou a estadía media (+0,3% fronte á caída do 1,6% a nivel estatal), o que reflicte a consolidación da calidade da oferta turística galega, que tamén medra en termos cuantitativos.

Neste sentido, no que respecta ás cifras de viaxeiros, Galicia recibiu este verán máis de 1,5 millóns de turistas, un 4,3% máis que hai un ano. Do mesmo xeito, incrementouse a demanda turística un 5% tras rexistrar preto de 4 millóns de pernoitas, a segunda cifra máis elevada da serie histórica, moi similar á acadada en 2017. Este dato sitúa a nosa Comunidade como a segunda en que máis medrou a demanda turística nos meses de xullo e agosto, ao crecer a un ritmo moito maior que a media estatal, que quedou no 1,3%.

Con independencia da climatoloxía

O crecemento da demanda turística en Galicia só foi superada por Asturias, un feito que demostra a capacidade da nosa Comunidade para atraer visitantes con independencia da climatoloxía. En paralelo, as cifras amosan que, ademais de recibir máis viaxeiros, estes quedaron máis tempo na nosa Comunidade.

O informe reflicte como medrou tanto o turismo nacional, un 5,1%, como o internacional, cunha alza do 4,3%, rexistrando a segunda cifra máis elevada da serie histórica. Destaca especialmente o incremento no turismo estranxeiro, que representa o 19% da demanda da

Comunidade grazas á crecente proxección exterior de Galicia como destino turístico ou a fenómenos como o Camiño de Santiago.

Así mesmo, todas as tipoloxías de aloxamento rexistraron un comportamento positivo, ao experimentar alzas na demanda de hoteis (+4,8%), que absorben o 70% da demanda, pensións (+5,7%), apartamentos turísticos (+14%), cámpings (+2,5%) e turismo rural (+4%).

Datos por provincias e por cidades

No que respecta aos datos por provincias, Pontevedra liderou a demanda turística da Comunidade ao rexistrar 1,4 millóns de pernoitas, por riba da Coruña, con 1,1 millóns, seguida de Lugo e Ourense con 412.415 e 185.712 noites, respectivamente. Atendendo á súa evolución, Lugo foi a provincia en que máis creceu a demanda turística, ao rexistrar este verán un incremento do 14,7%, seguida de Ourense, cunha alza do 5,9%; Pontevedra, cun 5%, e A Coruña cun 3,2%. Trátase dun feito que reflicte a aposta da Xunta pola diversificación e a desestacionalización de fluxos turísticos, atraendo os visitantes a todos os puntos da Comunidade durante os doce meses do ano.

Se atendemos á demanda hoteleira nos principais destinos urbanos, Santiago de Compostela foi a cidade que rexistrou un maior número de pernoitas (348.665), seguida da Coruña (260.643), Vigo (225.803), Lugo (67.651), Pontevedra (64.995), Ourense (52.630) e Ferrol (38.975). Con todo, se observamos a evolución, Ourense foi a que experimentou un maior incremento da demanda (+19%), seguida de Ferrol e Lugo, cun 15,7% ambas; Pontevedra (+15,1%), Vigo (+9,3%), A Coruña (+6,9%). Só Santiago de Compostela rexistrou un leve descenso do -1,1%.